



# CRA DE CULLEREDO

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

# 1. Introducción

## 1.1. Datos básicos do centro

**Nome:** CRA de Culleredo

**Enderezo:** Rúa Bo Home S/N

**Localidade:** Almeiras

**Concello:** Culleredo

**Código do centro:** 15032480

**Correo electrónico:** cra.culleredo@edu.xunta.gal

**Páxina web:** <http://www.edu.xunta.gal/centros/craculleredo/>

**C.I.F.:** Q1500305F

**Teléfono:** 981 662 094

O **CRA de Culleredo**, no presente curso, escolariza 68 alumnos e alumnas divididos nas escolas de A Choeira (que conta con dúas unidades), Ledoño, Sésamo e Vinseira. As 5 aulas do centro son mixtas e escolarizan alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación Infantil (EI).

O centro conta co seguinte **profesorado**:

- seis mestres especialistas de EI, 5 titorizan as escolas e outro desenvolve o labor de apoio á EI,
- un mestre de Educación Física,
- unha mestra de Lingua Estranxeira,
- unha mestra de Audición e Linguaxe,
- unha mestra de Educación Musical,
- e unha mestra de relixión compartida, con centro base no CEIP Vila de Rutis.

Neste curso escolar 2021-2022 hai matriculados un total de 68 alumnas e alumnos:

	4º E.I.	5º E.I.	6º E.I.	TOTAL
A Choeira	11	10	13	34
Ledoño	2	2	4	8
Sésamo	3	3	12	18
Vinseira	3	3	2	8
	18	19	31	<b>68</b>

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CRA está situado no concello de Culleredo.

Culleredo é un municipio galego da provincia de A Coruña, situado na área central, no extremo sur da Ría do Burgo.

O municipio ten como límite polo norte a cidade de A Coruña e, a través da Ría do Burgo o mar; polo sur o termo municipal de Cerceda; polo este os termos municipais de Oleiros, Cambre e Carral e polo oeste con Arteixo, A Coruña e Laracha.

Integrada na área metropolitana de A Coruña, a súa poboación está distribuída en 11 parroquias: Rutis, O Burgo, Almeiras, Culleredo, Orro, Sésamo, Sueiro, Ledoño, Veiga, Celas e Castelo.

A nosa área de influencia é a zona rural do Concello, aínda que no noso caso escolarizamos alumnado das zonas limítrofes debido ás características diferencias do noso centro. Isto trae consigo que a comunidade educativa estea moi implicada nas actividades propostas e participe activamente en todas elas.

Somos un centro activo, participamos en numerosos Plans e Proxectos:

- Formamos parte de PLAMBE desde o curso 2015/16.
- Participamos no proxecto Biblioteca Creativa desde o curso 2018/19.
- Este curso introducímonos no LIA.3
- Formamos parte do programa "Lectura e familias".

- Desenvolvemos un PFPP con alta participación do profesorado desde hai 9 anos.

Como se sinalou anteriormente, o profesorado estase a formar a través do PFPP nunha liña TIC, polo que está familiarizado co coñecemento e manexo das diferentes ferramentas e recursos audiovisuais e tecnolóxicos. Formación que se aproveita para desenvolver os produtos finais de diferentes tarefas e actividades desenvolvidas ao longo do curso.

Un momento relevante no uso das ferramentas dixitais na nosa comunidade educativa, foi a chegada da COVID, que fixo que o uso destes recursos se fixese imprescindible para a comunicación e a práctica educativa. Neste punto, é preciso destacar que desde a Biblioteca lévanse a cabo diferentes obradoiros dentro da Escola de nais e pais encamiñados a formar ás familias no coñecemento e manexo de diferentes ferramentas e recursos dixitais.

Por último é preciso sinalar, que o alumnado do noso centro non é autónomo no uso das ferramentas dixitais debido á súa idade. Por isto, as actividades plantexadas deben ser planificadas coidadosamente e facer uso dos recursos máis axeitados en cada momento.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

Este documento está elaborado en base ás disposicións e referentes legais que establece a normativa da nosa Comunidade Autónoma no referente á implantación e elaboración do Plan Dixital para todos os centros docentes galegos.

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.*

### 1.4. Proceso de elaboración

A elaboración deste documento levouse a cabo dentro dunha liña específica de PFPP da que formamos parte tres mestres do centro como Equipo de Dinamización do Plan Dixital. O proceso de elaboración seguiu a temporalización e fases establecidas polo equipo ADIX ó que foi asignado o noso centro.

Durante o primeiro trimestre, fíxose unha análise da situación do noso centro a través do SELFIE e o Test CDD.

No segundo trimestre, elaborouse o informe DAFO e iniciouse a fase de deseño e elaboración do Plan de acción, en base ó modelo guía aportado polo equipo de mentorización.

E no terceiro trimestre, procedeuse á elaboración do documento para a súa aprobación polo Consello Escolar, una vez oído o Claustro.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

As catro escolas que forman parte do noso centro contan con conectividade a internet grazas ao programa de *Escuelas Conectadas* de red.es, que aportan banda ancha, coa rede WIFI corporativa (edu.xunta), para facilitar a conectividade dos ordenadores portátiles e dispositivos móbiles (tabletas e ipads). Cabe mencionar, que posto que a contorna do noso centro e as nosas escolas é rural, este servizo de banda ancha non ten a cobertura, conectividade e velocidade de rede que ofrecía o programa.

En canto ó equipamento dispoñible no centro, as aulas contan con ordenadores portátiles para o uso do profesorado e unha PDI con proxector por aula. O equipo de biblioteca dispón de ordenador portátil para uso e xestión técnica da mesma e dous iPads cos que poder facer uso dos recursos e ferramentas dixitais adquiridas coa dotacións do programa de Biblioteca Creativa. A mestra de AL dispón de ordenador portátil e a sala de Mestres e Dirección contan con equipos informáticos de sobremesa ademais dalgún ordenador portátiles xa retirados e cunha posibilidade de uso moi limitada, para o uso por parte dalgún Equipo. Cabe mencionar, con respecto deste equipamento, que a maior parte dos nosos equipos están bastante desactualizados e moitas veces non permiten facer o uso que se require deles (hardware e software obsoletos que non permiten actualización) o que implica que o profesorado teña que facer uso dos seus propios dispositivos persoais.

En canto a servizos dixitais educativos, no centro tratamos de potenciar o uso dos servizos corporativos e non corporativos para facilitar a xestión docente. Empregamos canles de comunicación dixital: o *ABALARmóvil* como principal medio de difusión e comunicación coas familias; o enderezo electrónico, como medio de comunicación entre a comunidade educativa; as plataformas *Falemos* e *Cisco Webex Meetings*, para reunións e titorías telemáticas mentres as medidas sanitarias así o requirían e tamén o uso de aplicativos de google como Gmail e Drive para a comunicación entre escolas e como portal de uso compartido que nos permite centralizar documentos e materiais de traballo común entre o profesorado.

Dispoñemos de [páxina web do centro](#), para publicitar a información útil e máis actualizada do noso centro, e tamén facemos uso de servizos non corporativos como *blogs* da plataforma *blogger* para cada aula e especialidades, e canles de difusión en redes -*Twitter* e *Instagram*-, de cara á darlle visibilidade ás actividades desenvolvidas no centro e difundir a participación e aportacións do noso centro á comunidade escolar galega dentro do PLAMBE e o Proxecto de Bibliotecas Creativas, entre outros. Por outra banda, á hora de elaborar materiais e recursos dixitais, tamén facemos uso de plataformas como Youtube, ou aplicación como CANVA e Genially, entre outros.

No relativo ó uso de todos estes servizos dixitais non corporativos, temos en conta o cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPD-GDD) e as implicacións que dita lei ten nos centros educativos.

No relativo á xestión do mantemento do equipamento do centro é realizado por unha empresa externa, pois as problemáticas adoitan escaparse tanto da capacidade de resolución por parte do profesorado do centro, como das horas dispoñibles de adicación á función docente.

Por último, incluímos algúns aspectos máis concretos relativos ó uso dos servizos dixitais no [Plan de Continxencia do Centro](#) do presente curso, dispoñible dende a nosa páxina web.

Inclúese como anexo a este documento o inventario TIC do centro elaborado este curso.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Na seguinte táboa inclúese a información do resumo das áreas do informe **SELFIE** do noso centro, dentro da columna da etapa de “E.Primaria”, posto que a nosa etapa educativa, Educación Infantil, non aparece contemplada na ferramenta.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2,6				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,5				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	-				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,7				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado	-				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,7				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado	-				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	4,2				
	Alumnado	-				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,2				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado	-				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2				
	Profesorado	3				
	Alumnado	-				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	5				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado	-				

A continuación recóllese a información extraída do informe grupal do TestCDD de centro.

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	8	9	88,9%
<b>PROVISIONAL</b>			
<b>INTERINO</b>	0	1	0%
<b>SUBSTITUTO</b>	2	2	100%
<b>DESPLAZADO</b>			

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
63,2	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	65,8	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
ESO				
BAC				
F.P.				

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	10%
A2	4	40%
B1	4	40%
B2	1	10%
C1		
C2		
TOTAL	10	100%

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o noso centro xerou a seguinte análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Dotacións de biblioteca creativa e PFPP - as escolas dispoñen de equipamento dixital básico (portátil, encerado dixital interactivo e internet).	O centro non dispón dunha gran infraestrutura e equipamento dixital - precisamos axentes externos para resolver problemas técnicos.
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O Equipo Directivo involucra ao Claustro na estratexia dixital</li> <li>- Formación en PFPP dunha parte do Claustro</li> <li>- O profesorado comparte coñecementos e apóiase na competencia dixital</li> <li>- O profesorado é creador de contidos dixitais e usa entornas virtuais para apoiar ás aprendizaxes</li> <li>- Algún profesorado emprega metodoloxías activas vinculadas a recursos TIC</li> <li>- Emprego de ferramentas e recursos TIC na intervención de alumnado NEAE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escasa avaliación competencial</li> <li>- Non é xeralizado o uso de ferramentas TIC para a avaliación do alumnado</li> </ul>
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Alumnado internivel que favorece a colaboración</li> <li>- Interese e motivación do noso alumnado cara ás actividades dixitais</li> </ul>	A competencia dixital do noso alumnado
	FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> <li>- As familias teñen coñecementos básicos dixitais e dispoñen de dispositivos actualizados</li> <li>- Participan activamente nas actividades dixitais impulsadas polo centro e nos obradoiros da Escola de Nais e Pais vinculados ás TIC</li> </ul>	As familias non consideran prioritarios os coñecementos dixitais para o proceso de aprendizaxe das súas fillas e fillos
	OFERTA	Existen propostas desde a biblioteca e o equipo tic con recursos tic para desenvolver a competencia dixital nas aulas	Escasa participación dalgunhs especialistas do centro
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Existe un traballo interdisciplinar</li> <li>- Dispoñemos dun protocolo para protección de datos da nosa comunidade educativa</li> <li>- O centro fai uso das ferramentas dixitais para a comunicación coa Comunidade Educativa</li> </ul>	En ocasións o profesorado ten que facer uso dos seus dispositivos para unha mellor calidade do servizo

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Oferta formativa axeitada</li> <li>- Bo nivel de resolución de problemas (UAC)</li> <li>- O noso centro pertence ao LIA.3, cunha dotación económica para recursos TIC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Falta de horario para explorar e crear contidos dixitais</li> <li>- Nula liberación horaria para dinamización de equipos</li> <li>- Necesidade de renovación dos equipos</li> </ul>
	LEXISLACIÓN	Importancia da competencia dixital no currículo	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Necesidade da regulación dos horarios para a realización de actividades dixitais e coordinación do equipo TIC</li> <li>- Cambios lexislativos constantes</li> </ul>



	<b>CONTORNA</b>	Temos que facer uso das tics como medio de interrelación entre as diferentes escolas que compoñen o noso centro	
	<b>ANPA</b>	Creación recente da ANPA moi participativa	Escolas repartidas no rural: fallos de conexión a internet
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>		

### 3. Plan de Acción

Partindo do análise do DAFO, seleccionamos unhas áreas de mellora sobre que actuar coa posta en marcha deste documento, e para cada unha delas marcámonos uns obxectivos prioritarios que nos permitan superar as debilidades e ameazas detectadas empregando as oportunidades e fortalezas. Porén, estes obxectivos e as súas correspondentes accións están en constante evolución e por iso serán actualizados cada curso escolar tendo en conta os recursos materiais e humanos que dispoñamos no propio momento de actualización e revisión do documento.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os obxectivos, recollidos nas táboas que se inclúen a continuación, foron seleccionados a partir da análise do DAFO, tendo a premisa de enuncialos de forma que fosen específicos, medibles, alcanzables, relevantes e temporalizados, é dicir, obxectivos SMART. Unha vez enunciados, marcamos os valores previstos (de escala numérica e/ou porcentaxes) de consecución de cada obxectivo. O seguinte paso, foi concretar as accións a desenvolver para a consecución de cada un dos obxectivos, elixindo os responsables de levalas a cabo no centro, establecendo unha temporalización, determinando os recursos precisos, e determinando o seguimento e grao de cumprimento das mesmas chegados á fase de avaliación do propio Plan.

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Co obxectivo de facilitar unha identificación das condicións actuais de infraestrutura, equipamento e servizos dixitais dispoñibles no noso centro, a continuación enumeramos as nosas principais necesidades de mellora, seguindo as indicacións establecidas no documento proporcionado por AMTEGA para a elaboración do Plan Dixital.

En canto ás **infraestruturas tecnolóxicas**, como se mencionou anteriormente no apartado “2, *punto de partida*”, a situación das nosas escolas nunha contorna rural non nos ofrece unha conectividade de rede estable e funcional; en moitas ocasións o profesorado emprega as súas conexións privadas a través da itinerancia de datos dos seus dispositivos persoais, para poder facer un uso apropiado dos materiais dixitais ou aplicacións que se propoñen nas aulas. É por iso, que a nosa necesidade neste ámbito sería unha mellora de conectividade das escolas para facilitar o emprego e desenvolvemento axeitado dos servizos dixitais que empregamos.

No referente ó equipamento, podemos sinalar que a maior parte dos dispositivos tecnolóxicos do noso centro son equipos antigos e desactualizados, moitos deles xa chegaron ó final da súa vida útil e precisan ser reemplazados; é por iso que a totalidade do profesorado vese na obriga e necesidade de facer uso dos seus propios dispositivos para o desenvolvemento das funcións

docentes. Dito isto, as nosas necesidades neste ámbito son: dispoñer de equipos portátiles para o uso do alumnado (ordenadores e tabletas), equipos actualizados para o uso na sala do profesorado, Dirección e para os diferentes equipos de coordinación (equipo TIC, Biblioteca escolar, EACE, Ciclo, EDLG), novos equipos de son para as aulas e dispositivos móbiles Smartphones con abalarmóbil para mellorar a comunicación entre escolas e coas familias. Por outra banda, as aulas dispoñen de proxectores e encerados dixitais que dan bastantes problemas de uso e mantemento, tanto pola súa antigüidade que xa non permite actualizacións como tamén, no caso dos proxectores, porque a súa instalación (lonxe da PDI) dificulta a accesibilidade e interacción do noso alumnado; sería preciso reempregar estes antigos proxectores, por outros que permitan unha instalación na parte superior dos propios encerados interactivos e así evitar as sombras proxectadas que nos están a dificultar o seu uso.

Por último, en canto ás necesidades de servizos dixitais educativos, destacaríamos a falta de adecuación de moitos dos servizos corporativos á realidade da nosa etapa educativa (E.Infantil), non facemos uso de moitos deles, como pode ser a aula virtual ou as aplicacións para contidos educativos, xa que non permiten a accesibilidade e interactividade por parte do noso alumnado. Por outra banda, en canto o uso da páxina web do centro, o equipo TIC quere manifestar unha necesidade de formación con respecto do seu uso e posibilidades de configuración de cara á poder actualizar o seu deseño e así ofrecer un espazo de información moito máis intuitivo, accesible e práctico para todo aquel que queira coñecer o noso centro.

Inclúese a continuación unha táboa para reflexar dun modo máis concreto e conciso cales son as nosas necesidades de equipamento tecnolóxico actualmente.

EQUIPAENTO / INFRAESTRUTURA QUE SE PRECISA	UNIDADES	LOCALIZACIÓN	XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE
Mellora de conectividade das escolas	4	Escola da Choeira Escola de Ledoño Escola de Vinseira Escola de Sésamo	Facilitar o emprego e desenvolvemento axeitado dos servizos dixitais que empregamos.
Equipos portátiles para o <b>alumnado</b>	5	Escola da Choeira (Aula 1) Escola da Choeira (Aula 2) Escola de Ledoño Escola de Vinseira Escola de Sésamo	Non dispoñemos do equipamento necesario ou do que dispoñemos está obsoleto e desactualizado, para poder desempeñar tanto nosas funcións docentes, como para desenvolver as competencias dixitais co noso alumnado.
Tabletas	5	Escola da Choeira (Aula 1) Escola da Choeira (Aula 2) Escola de Ledoño Escola de Vinseira Escola de Sésamo	
Equipos de son	5	Escola da Choeira (Aula 1) Escola da Choeira (Aula 2) Escola de Ledoño Escola de Vinseira Escola de Sésamo	
Dispositivos móbiles Smartphones (para dispoñer de <i>abalarmóbil</i> )	5	Escola da Choeira (Aula 1) Escola da Choeira (Aula 2) Escola de Ledoño Escola de Vinseira Escola de Sésamo	

Equipos portátiles para o <b>profesorado</b>	10	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Titoría Escola da Choeira (Aula 1)</li> <li>- Titoría Escola da Choeira (Aula 2)</li> <li>- Titoría Escola de Ledoño</li> <li>- Titoría Escola de Vinseira</li> <li>- Titoría Escola de Sésamo</li> <li>- Apoio EI</li> <li>- Especialidade de Educación Física</li> <li>- Especialidade de Lingua Estranxeira</li> <li>- Especialidade de Audición e Linguaxe</li> <li>- Especialidade de Educación Musical</li> </ul>	
Equipos portátiles para os <b>Equipos</b> de coordinación do centro	5	<p>Equipo TIC Biblioteca escolar EACE Ciclo EDLG</p>	
Equipos actualizados para a <b>sala de mestres</b>	3	Sala de mestres na sede do CRA	
Equipo actualizado para <b>Dirección</b>	1	Sala de mestres na sede do CRA	
Pantallas dixitais interactivas	5	<p>Escola da Choeira (Aula 1) Escola da Choeira (Aula 2) Escola de Ledoño Escola de Vinseira Escola de Sésamo</p>	
Proxectores (instalados nas propias PDI)	5	<p>Escola da Choeira (Aula 1) Escola da Choeira (Aula 2) Escola de Ledoño Escola de Vinseira Escola de Sésamo</p>	

## Obxectivo 1

“Área/s de mellora”: C_ Infraestrutura e equipos						
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Actualizar o equipamento dixital do centro				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo TIC				Non acadado	
<b>INDICADORES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de equipos informáticos que requiran actualización e número de equipos obsoletos					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 equipos por revisar, para actualizar ou dar de baixa					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	19 equipos revisados e actualizados			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO1.1:</b> Actualización do inventario de equipos informáticos do centro	Equipo TIC	20/12/2022	Responsable TIC con asesoramento dunha empresa externa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2:</b> Partindo das necesidades actuais, elaboración dun plan de acción para actualizar os equipos	Equipo TIC	31/03/2023	Software e hardware necesarios. Asesoramento por parte da UAC e da empresa externa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.3:</b> Actualización e solicitude de equipamento	Equipo TIC	20/06/2023	Asesoramento e dotación de novos equipos por parte da UAC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## Obxectivo 2

“Área/s de mellora”: D_Desenvolvemento Profesional Continuo						
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Favorecer unha mellora da competencia dixital do claustro				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Nivel da Competencia dixital do claustro segundo o TCDD xa realizado					
<b>Valor de partida (3)</b>	Nivel A2 – B1 na Competencia dixital do claustro baseado no TCDD do curso 21-22					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Nivel B1 – B2 na C.Dixital do claustro ó rematar o curso académico 2022-23			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO1.1:</b> Reunión inicial do Claustro e Dirección para a detección de necesidades en relación a competencia dixital docente	Dirección	30/09/2022	Espazo de reunión Resultados Test CDD		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2:</b> Información actualizada sobre a oferta formativa en relación ás TIC en EI	Dirección Equipo TIC	31/10/2022	CFR Liña de PFP CAFI		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.3:</b> Elaboración de recursos e propostas TIC para as aulas	Equipos Especialidades	20/06/2022	Conexión a internet Equipos Materiais funxibles Relatores do CFR		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Obxectivo 3

“Área/s de mellora”: E_Pedagogía: apoios e recursos						
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Fomentar o uso das TIC entre a comunidade educativa				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Frecuencia de mprego de ferramentas e recursos TIC entre a comunidade educativa					
<b>Valor de partida (3)</b>	Emprego de ferramentas e recursos TIC entre a comunidade educativa de xeito arbitrario e pouco frecuente					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Emprego de ferramentas e recursos TIC entre a comunidade educativa de xeito programado e habitual ao longo do curso			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Avaliación inicial dos recursos e uso de ferramentas TIC nas familias	Equipo TIC Dirección	30/09/2022	Abalarbox		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Proposta de obradoiros na Escola de Nais e Pais sobre uso de recursos e ferramentas TIC na etapa de EI	Equipo TIC Dirección	20/06/2023	Material de Biblioteca Creativa Recursos e equipamento TIC do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## Obxectivo 4

“Área/s de mellora”: H_ Competencias dixitais do alumnado						
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Motivar e iniciar ó alumnado de EI no uso das TIC				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Claustro: Titorías e especialistas				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de actividades e propostas TIC para as aulas					
<b>Valor de partida (3)</b>	Desenvolvemento de actividades e propostas TIC de xeito arbitrario					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Desenvolvemento de cando menos 1 actividade e proposta TIC por trimestre			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO1.1:</b> Reunión para deseño/selección de actividades e propostas TIC para as aulas durante o curso 22-23	Equipo TIC Claustro	20/12/2022	Material de Biblioteca Creativa Recursos e equipamento TIC do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2:</b> Posta en práctica nas aulas	Titorías Profesorado especialista Equipo TIC	20/06/2023	Material de Biblioteca Creativa Recursos e equipamento TIC do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.3:</b> Difusión e recollida das experiencias TIC levadas	Equipo TIC Responsable	20/06/2023	Documentación gráfica das propostas e actividades		Realizada	
					Aprazada	

a cabo (Biblioteca Creativa)	Biblioteca Creativa		realizadas		Pendente
------------------------------	---------------------	--	------------	--	----------

### Obxectivo 5

“Área/s de mellora”: B_ Colaboración e Redes						
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Establecer novas canles de comunicación dixital entre as diferentes escolas do CRA				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Claustro: Titorías e especialistas				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Tanto % do profesorado que use videochamada para comunicarse entre escolas Tanto % do profesorado que use actividades e propostas dixitais no blog para comunicarse entre escolas					
<b>Valor de partida (3)</b>	10% do profesorado que use videochamada para comunicarse entre escolas 20% do profesorado que use actividades e propostas dixitais no blog para comunicarse entre escolas					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	80% do profesorado que use videochamada para comunicarse entre escolas 80% do profesorado que use actividades e propostas dixitais no blog para comunicarse entre escolas			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO1.1:</b> Deseño de actividades e propostas TIC para compartir entre as diferentes escolas	Equipo TIC Claustro	20/06/2023	Recursos e equipamento TIC do centro Material de Biblioteca Creativa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2:</b> Creación de canles de comunicación dixital/virtual entre escolas	Equipo TIC Claustro	20/06/2023	Conexión a internet Equipos Recursos e equipamento TIC do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



## 4. Avaliación do plan

Como procedemento de seguimento do desenvolvemento do Plan e da consecución dos obxectivos marcados realizarase a avaliación:

Unha **avaliación procesual**, realizada como mínimo unha vez ao trimestre, na cal os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e propostas de mellora.

Unha **avaliación final** como mínimo unha vez ao ano. Entre os aspectos a considerar incluíranse, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

## 5. Difusión do plan

O Plan Dixital é un documento de centro que marcará o camiño para a transformación dixital da escola, é por iso que como o resto de documentos terá carácter público e estará a disposición de toda a comunidade educativa. A nosa estratexia de difusión e publicidade do plan dixital, será a través da nosa páxina web corporativa de centro, unha vez sexa aprobado polo Consello Escolar e oído o Claustro.

# INVENTARIO TIC CRA DE CULLEREDO. CURSO 21-22

AULA	ORDENADOR MESA	PORTÁTIL	PDI	PROXECTOR	IMPRESORA	OUTROS	CÁMARA
CHOEIRA 1		ACER (windows 7) + rato inalámbrico logitech	SMART Board (4 rotuladores,1borrador)	HITACHI CP-EX251N		Altavoces Labtec	Nikon + cargador
CHOEIRA 2		ACER (windows 7) + mini mouse Trust	SMART Board (4 rotuladores,1borrador)	EPSON EB-X20		Altavoces Labtec	
LEDOÑO		ACER 5736Z	SMART Board (4 rotuladores,1borrador)	EPSON EB-X20	DCP - 7030 brother	Altavoces Labtec	Nikon + cargador
		TOSHIBA TECRA S3					
SÉSAMO		ACER TM8571-732G16Mn	SMART Board (4 rotuladores,1borrador)	EPSON EB-X20	DCP - 7055 brother	Altavoces Labtec	Nikon + cargador
		ACER 5736Z					
		HP compaq 6005 Pro MT, teclado DELL, rato Logitech, monitor HP LE1901w			EPSON AL-M300DN		
VINSEIRA		ACER (windows 7) - ASPIRE 57362 + rato inalámbrico logitech	SMART Board (4 rotuladores,1borrador)	EPSON EB-X20	DCP - 7030 brother	Altavoces Labtec	Nikon COOLPIX 58200 + cargador
		ACER (windows 7) + rato logitech					
DIRECCIÓN	HP ProDesk, teclado HP, rato HP, monitor HP ProDisplay P201						
SALA DE MESTRES	HP COMPAQ, teclado DELL, rato Logitech, monitor HPLE1901W				HP LASERJET PRO CM1415fn	YAMAHA STAGEPAS 400i (ALTAVOCES E MESA MEZCLAS)	
	Fujitsu, teclado Logitech K120, rato Logitech, monitor ACER,				CANON TS3150	MICRÓFONO LD D1105	
	Optiplex 755, teclado Logitech K120, rato Logitech, monitor ACER					CABLE MICRÓFONO 6M	
	Optiplex 740						
	Optiplex 745, monitor DELL						
EQUIPO BIBLIOTECA		LENOVO B50-80 + rato Toshiba					
EQUIPO EACE		TOSHIBA TECRA S3					
AL		HP 3165NGW					
<b>TOTAL</b>	<b>7</b>	<b>11</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>6</b>	<b>8</b>	<b>4</b>